



Fundación Centro Tecnolóxico do Granito

Identificación:

Termo municipal:	O Porriño
Provincia:	Pontevedra
Enderezo:	Centro Tecnolóxico do Granito - Rúa Ribeira s/n, Torneiros
Contacto:	Administración
Teléfono / fax:	986 348 964 / 986 348 965
Enderezo electrónico:	info@fctgranito.es
Web:	www.fctgranito.es

Actividade principal:	Apoio ao sector da pedra natural en Galicia
Duración da visita:	1,5 horas
Reserva:	Necesaria
Grupo máximo / Mínimo:	25 / 10 visitantes
Idade:	A partir de 12 anos
Prezo:	2€ / persoa

Que imos ver?

A Fundación Centro Tecnolóxico do Granito ten como finalidade apoiar e asesorar ao sector da Pedra Natural de Galicia. Ademais dunha asesoría técnica, unha área ambiental e un laboratorio de ensaios de recoñecido prestixio, conta con Minergal, un museo onde se expón unha colección de rochas e minerais cun gran potencial didáctico e científico.

Por outro lado, por medio de material audiovisual mostrárase o proceso de extracción e transformación da pedra.

Neste percorrido pretendemos achegar os visitantes a importancia das rochas e dos minerais que nos rodean e a súa implicación na paisaxe, na sociedade e na economía galega, e a importancia deste Sector industrial na nosa comunidade.

Que hai de diferente?

Unha exposición de máis de 500 rochas e minerais, cunha alta representación de exemplares galegos. Os minerais encóntranse clasificados sistematicamente segundo a súa complexidade estrutural e a súa composición química. Tamén se reservan algunhas vitrinas para mostrar algúns dos xacementos galegos máis importantes. Podemos observar

por exemplo a volframita, explotada en Galicia ata 1980, e considerada como un mineral estratéxico necesario en accións bélicas como a II Guerra Mundial, ou as esmeraldas da Franqueira, que representan un dos exemplares máis recoñecidos polos coleccionistas a nivel mundial.





Cales son os aspectos que hai que distinguir?

- Rochas industriais e rochas ornamentais, pedra natural:
 - extracción,
 - elaboración,
 - produto,
 - laboratorio,
 - utilización.
- os minerais: propiedades e usos,
- as rochas: tipos e características,
- patrimonio xeolóxico.



Algunhas cuestións

- 1** Para que serven os minerais?
- 2** Onde podemos atopalos?
- 3** Cales son os principais tipos de rochas que podemos atopar en Galicia?
- 4** Como se extrae o granito?
- 5** Para que se emprega o granito?

